




Ímonos de viaxe!

Marcianiño sae as 4 da tarde de viaxe dende España a China para visitar ao seu curmán, que acaba de chegar doutra galaxia. Viaxará á velocidade supersónica, polo que chegará a China en poucos segundos.

Di onde crés que é día e noite.
Arrastra: **DÍA** ou **NOITE**




Se en España é pola tarde, en China será de día ou de noite? Ti que crés?



Solución

A Terra vai xirando sobre o seu propio eixe, e tarda en facelo 1 día enteiro, é dicir 24 horas. Trátase do movemento de **ROTACIÓN**.

A Terra recibe a luz do sol e segundo vai xirando, os países van recibindo luz solar. Así, nos países que reciben os raios solares é día e nos países aos que non chega directamente a luz do sol, será noite. Polo tanto, se en España é de día, en China será de noite!




LIVWORKSHEETS

Sabes que son os husos horarios?

A Terra divídese en 24 husos ou partes/franxas con diferentes horas oficiais porque tarda 24 horas/1 día en dar a volta ao redor do seu eixe. O meridiano de Greenwich marca a orixe dos husos horarios.

Dende o meridiano de Greenwich hacia a dereita vaíse sumando unha hora por cada huso horario.

Dende o meridiano de Greenwich hacia a esquerda vaíse restando unha hora por cada uso horario.




Que estación será?

Este ano en agosto Marcianiño vaixe de vacacións á Arxentina. Pero non sabe que roupa ten que meter na súa maleta porque non sabe si alí será verán ou inverno.

Ocórreseche que ¿
roupa debo
levar na miña
maleta?




Axídalles a eleaír a roupa que ten que levar!



Solución

Como a Terra está inclinada no seu movemente arredor do sol, o hemisferio que mira ao sol recibe máis calor, logo é verán. No outro hemisferio será inverno. Se en España é verán, en Arxentina vai ser inverno, porque España está situada no hemisferio norte e Arxentina no sur.

Polo tanto, Marcianiño terá que levar abrigo, bufanda e lúbas, para non pasar frío. O movemento da Terra arredor do sol dura 365 días, chámase movemento de translación. Xunto coa inclinación dese eixe da Terra, dá lugar ás estacións: primavera, verán, outono e inverno.




Sabes se en todos os sitios do planeta hai 4 estacións?

Non todos os sitios do planeta teñen catro estacións! Por exemplo, as zonas preto do Ecuador os teñen dúas. E alí diferéncianse non pola temperatura (frío ou calor), senon polo que chove (estación de choivas) e estación seca. Por exemplo: Colombia, Brasil, México, Venezuela, Perú ou Bolivia, América Central e case todos os países de África.

Experimentamos: Onde é día e onde é noite?

A min encántame
facer experimentos!
E a ti?



Consellos

Pide axuda a un maior que estea contigo ao facer o experimento e desfrutade xuntos da experiencia.

Que vós necesitardes?

Materias: globo terráqueo e lanterna.

Como facelo?

- Apaga as luces da habitación e deixa o teu globo terráqueo sobre unha mesa, colle na túa man a lanterna acesa e ilumina España.
- Observarás que nos países que están iluminados é de día e os que non reciben luz da lanterna é noite.
- Agora pide axuda a un maior para que sosteña a lanterna acesa e ti da a volta lentamente ao globo terráqueo. Podes mirar como, pouco a pouco España pasa de recibir luz a perdela (vaíse facendo de noite) e os países que antes estaban a escuros, agora comezan a estar iluminados (vaíse facendo de día).